

## Aspectos de Semántica

### Índice

#### 1.- A Semántica e os significados

##### 1.1. O obxecto de estudio da Semántica. A palabra

##### 1.2. Tipos de significado

##### 1.3. Definicións dos significados das palabras

##### 1.4. Os cambios de significados das palabras

#### 2. Clasificación das palabras segundo a súa orixe. As familias léxicas irregulares.

##### 2.1. Voces patrimoniais, cultas e sémicultas

##### 2.2. As familias léxicas irregulares.

#### 3. As relacións semánticas

##### 3.1. Relacións entre significados

###### 3.1.1. Relacións de oposición (termos contrarios)

###### 3.1.2. Relacións xerárquicas ou de inclusión

##### 3.2. Relacións entre significantes e significados

###### 3.2.1. A sinonimia

###### 3.2.2. A polisemia e a homonimia

#### 1. A Semántica e os significados

##### 1.1. O obxecto de estudio da Semántica. A palabra

A Semántica é a rama da Lingüística que se ocupa do estudo do significado de todas as unidades dotadas de significado e significante: morfemas, palabras, frases, cláusulas, oracións e mesmo textos. Así, nesta concepción ampla da disciplina podemos falar, por exemplo, da Semántica oracional ou da Semántica textual. Con todo, a misión primordial da Semántica é centrarse no es-

tudo do significado das palabras, deixando moitas veces en man da Morfosintaxe o estudo dos feitos de contido (e de expresión) das restantes unidades. Nesta concepción restrinxida (centrada unicamente no estudo da palabra), a Semántica adoita denominarse Semántica léxica ou Lexicoloxía (que non debe confundirse con Lexicografía, disciplina que se ocupa da elaboración de di-

cionarios).

Atendendo ao tipo de significado que achegan, podemos distinguir dous tipos de palabras: as léxicas e as gramaticais. As palabras léxicas son aquelas que designan obxectos, entidades, cualidades ou sucesos existentesalgún xeito na realidade (ex.: casa, pequeno, viaxar, bondade, cedo...).


#### 1.2. Tipos de significados

As palabras léxicas teñen un significado obxectivo, recoñecido polo conxunto dos falantes que as empregan e son rexistradas nos diccionarios. Así, por exemplo, *navegar* significa para calquera falante (entre outros significados) 'viaxar nunha embarcación' e *nadal* é para todo o mundo 'día 25 de decembro' e, por extensión 'período festivo de tempo que rodea esa data'. Este significado obxectivo e común a todos os falantes denominase significado denotativo.

Pero as palabras son empregadas por persoas concretas para dirixirse a outras persoas en contextos comunicativos determinados. Estas circunstancias evocan subxectivamente nocións ou valores que se engaden ao significado das palabras. Así, *navegar* vai asociado para un mariñeiro á idea de traballo e para un afeccionado aos de-

portes náuticos á idea de lecer. *Nadal* aparece asociado para algúns falantes coa idea de relixiosidade, para outros de vacacións, para outros de regalos, para outros da familia, etc. Este significado evocado e subxectivo das palabras denominase significado connotativo.

O significado pleno das palabras e expresións lingüísticas no seu uso concreto é o integrado pola denotación e mais a connotación conxuntamente. O peso de cada unha destas componentes do significado varía enormemente dependendo do tipo de lingua empregado. A significación connotativa adóitase ser moi relevante na linguaxe literaria, na da publicidade ou na coloquial afectiva, entre outras. Contrariamente, as linguaxes técnicas e científicas son case exclusivamente denotativas.



SIGNIFICADO DENOTATIVO	SIGNIFICADO CONNOTATIVO
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Trazos significativos obxectivos.</li> <li>- Aparece descrito nos dicionarios.</li> <li>- É estabel no tempo.</li> <li>- A súa interpretación depende do coñecemento da lingua.</li> <li>- Exemplos:           <ul style="list-style-type: none"> <li>• Branco: 'cor resultante da combinación de todas as demais'.</li> <li>• Rosa vermella: 'flor da roseira da cor do sangue'.</li> <li>• Noite: 'parte do día en que non hai sol'.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Trazos significativos subxectivos.</li> <li>- Non aparece nos dicionarios.</li> <li>- Pode ser variábel no tempo.</li> <li>- A súa interpretación dependen do contexto concreto no que se manifieste.</li> <li>- Exemplos:           <ul style="list-style-type: none"> <li>• Branco: paz, pureza...</li> <li>• Rosa vermella: amor, paixón...</li> <li>• Noite: escuridade, medo...</li> </ul> </li> </ul>

### 1.3. Definicións dos significados das palabras

Os significados das palabras aparecen recollidos nos dicionarios, xunto con, habitualmente, unha pequena caracterización gramatical (clase de palabra, xénero, formación de plural ou feminino no caso de resultaren problemáticos), fonética (pronuncia completa ou algúns fonema problemático) ou etimolóxica (palabra da que procede).

A información que a definición fornece sobre a palabra debe ser suficientemente completa para que esta se recoñeza naquela, pero sen necesidade de resultar exhaustiva ou sobrecargada. Non hai que confundir unha definición coa descripción dun obxecto. Para este fin, é importante saber escoller aquel ou aqueles trazos que mellor caracterizan o que se está a definir. Así, a definición de *vasoira* como 'utensilio composto por un longo pau de madeira ou plástico que leva incorporado a un dos seus extremos ramas de xesta ou outra planta ou ben fios sintéticos, que se emprega para varrer o chan ou ou-

tras superficies' pode resultar excesiva. Basta con que nos limitemos ao trazo de significación distintivo desta palabra para conseguir unha definición más sinxela: 'Utensilio empregado para varrer'.

Como norma xeral, unha boa definición debe iniciarse cunha palabra da mesma clase gramatical que a definida, especialmente cando se trata de substantivos ou verbos. Esta palabra inicial (termo xenérico), de carácter semántico algo más xenérico que a definida, precisarase a continuación cunha información más específica que delimita o seu significado.

En calquera caso, cómpre fuxir dos inicios do tipo 'É o que se emprega...', 'É aquilo que serve...' ou, alínda peor, 'É cando...' ou 'É onde...'. É recomendábel que o termo xenérico inicie xa a delimitación do significado, polo que convén evitar, sempre que sexa posible, vocábulos de significación demasiado amplia, como *cousa*, *obxecto*, *ac-*

*ción*, *facer*, *dicir...* Podes ver a continuación un exemplo do que poden ser unhas malas (a e c) e boas (b e d) definicións das palabras *freo* e *soñar*:

#### FREO:

- a) \*O que se usa para parar un vehículo.
- b) Mecanismo empregado para deter ou reducir a velocidade dun vehículo ou maquinaria.

#### TERMO XENÉRICO

#### DELIMITACIÓN LÉXICA

#### SOÑAR:

- a) \*É cando pensas que é real algo que non o é.
- b) Imaxinar como reais cousas que non o son.

A delimitación léxica escollerá a característica ou características más significativas da palabra, normalmente a funcionalidade, forma, composición, esencia, situación..., dando lugar con frecuencia a definicións do tipo:

- Aparello (aveijo de labranza, útil doméstico...) empregado / que se usa para...
- Elemento (arco, construcción, útil...) de... composto por / caracterizado por...
- Sentimento que consiste en... / que se manifiesta por...
- Obxecto (planta, folla, accidente do terreo...) de forma... / que se encontra en ...

Se o definido é un adjetivo, non sempre é posible encontrar outro adjetivo para iniciar a definición. Con frecuencia, son útiles

as definicións constituidas por unha subordinada adxectiva. Alínda que, como regra xeral, se recomenda non definir as palabras empregando outros vocábulos da mesma familia léxica, nestas definicións, de tipo subsidiario (dependentes da definición doutra palabra), pode empregarse o substantivo ou verbo da mesma familia que o adjetivo definido. Cómpre ter cuidado con este tipo de definicións; en ningún caso se poderá definir tamén o substantivo a partir do adjetivo, para non incorrer en errores como se observa na definición (d). O mesmo sucede con definición de verbos e substantivos. Poderá realizarse unha definición subsidiaria dun deles sempre que o outro aparezca definido de maneira autónoma, para non incorrer en errores como o do diccionario que mostraba as definicións (e) e (f).

- a) *Desgraciado*: desafortunado, desventurado; que ten a sorte adversa.

- b) *Costeiro*: relativo ou pertencente á costa.

- c) *Feliz*: Que goza dun estado de felicidade.

- d) *Felicidade*: estado de ánimo de quen se encontra feliz.

- e) *Devasar*: abrir unha devasa nun terreo.

- f) *Devasa*: resultado de devasar un determinado territorio.



As definicións das palabras das restantes clases gramaticais (adverbios, pronomes, preposiciones, conxuncións e interxeccións) raramente se poden iniciar empregando outra palabra da mesma clase. Haberá que procurar expresións que expliquen o seu

significado (nos adverbios) ou ben o seu uso gramatical (nas palabras gramaticais). Observa estes exemplos de definicións correctas de palabras desas clases gramaticais:

- a) *Lonxe*: a unha gran distancia do falante ou do punto que se toma como referencia.
- b) *Amodo*: pouco a pouco, devagar, con coidado.
- c) *Desde*: preposición que indica o punto de partida no tempo ou no espazo.
- d) *Que*: conxunción que, como completiva, introduce unha oración subordinada substantiva.
- e) *Ti*: pronome persoal de 2º persoa do singular que se emprega como termo de preposición.

#### 1.4. Os cambios de significados das palabras

A pesar de que o significado denotativo das palabras presenta unha estabilidade grande, en ocasións este acaba alterándose, despois dun proceso por veces longo. Denómase cambio semántico o proceso de mudanza, constante e paulatina, do significado das palabras que constitúen o fondo léxico dunha lingua. O seu mecanismo adóita ser sempre o mesmo: unha desviación individual e ocasional do significado usual dunha palabra (baseada normalmente nunha relación asociativa) acábase espadillando na comunidade de falantes até se converter nun novo significado que se acumula ao anterior ou o substitúe.

As causas que provocan os cambios semánticos poden ser de tres tipos:

##### a) Causas lingüísticas


A economía lingüística leva con frecuencia a que se transfira o significado global dunha frase a un dos seus constitutentes, mediante

unha elipse. O caso máis habitual é que un adjetivo adquira o valor que presentan conjuntamente adjetivo e substantivo, como se aprecia en *postal* (procedente de *tarjeta postal*), *veleiro* (de *barco veleiro*) *dirixibel* (de *globo dirixible*), *móbil* (de *teléfono móvil*), *portátil* (de *ordenador portátil*), *intermitente* (de *luz intermitente*), *cortado* (de *café cortado*)...

##### b) Causas históricas

A transformación substancial de obxectos e realidades a través do tempo, así como a aparición doutros novos dan lugar tamén a cambios no significado das palabras. Por exemplo, a palabra *pluma* designaba na súa orixe cada peza da cobertura do corpo das aves. Desde a súa utilización para escribir con tinta, o seu significado ampliouse para designar a pluma destinada a este uso. Cando a pluma de ave foi substituída por unha peza de metal con mango de madeira, este aparelllo mantivo o nome de *pluma* e,

anos despois, cando se perfeccionou acomplíandolle un depósito interior de tinta, continuou conservando ese nome. Outros exemplos semellantes son os de *coche* (desde o coche de cabalos orixinario ata o actual automóbil), *conferencia* (de 'conversa para tratar un asunto' a 'comunicación telefónica') *ordenador* (das vellas e enormes computadoras até os actuais portátiles) ou *azafata* (de 'camareira ao servizo da rafía' a 'persoa que atende o público en congresos, feiras, etc. ou os pasaxeiros dun avión').




##### c) Causas psicológicas e sociales

En ocasións unha palabra adquire un novo valor para substituir a outra que se prefire evitar por ser considerada groseira ou impropria, respecto ou vergogosa. É o caso do *eufemismo*, palabra socialmente ben aceptada que substitúe a outra, a *tabú*, que é reprobada socialmente. Podemos apreciar este fenómeno no uso de *baño* ou *servizo* (por *retrete*), *traseiro* (por *cu*), *pasamento* (por *morte*), *discapacitado* (por *elvado*)... O cambio semántico reside no feito de que o eufemismo, ademais de conservar o seu significado orixinario, adquiere tamén o significado da palabra tabú. Tamén se pode producir un cambio de significado cando unha palabra de uso nunha disciplina ou grupo social restrinxido (profesión, arte, técnica...) pasa á lingua comén ou cando o proceso se realiza á inversa. Estas dúas tendencias contrarias de cambio semántico denomináñense **especialización e xeneralización**.



a) **Especialización**. O termo de uso común pasa a unha lingua comén específica. Por exemplo, a palabra *martelo* (na lingua comén 'ferramenta utilizada para cravar, formado por unha peza de metal encaixada nun mango') pasa a designar no léxico da anatomía a un dos tres pequenos ósos do oído medio; na técnica da reloxaría, á peza metálica que bate na campánula para dar as horas; no campo do atletismo, á bóla de ferros que se emprega para realizar a competición de lanzamentos; ou no léxico das armas, á peza do mecanismo que bate sobre o percutor para producir a explosión da carga. Do mesmo xeito, a palabra *arquivo* ('lugar onde se gardan documentos') ou 'conjunto deses documentos') emprégase na lingua informática cun significado máis específico: 'compartimento, na memoria dun ordenador, para gardar unha determinada porción de información' ou 'a información gardada nese compartimento'.



b) Xeneralización. O termo usado nunha linguaxe específica pasa á linguaxe común. Por exemplo, o termo *plural*, que orixinariamente presenta no terreo lingüístico o significado gramatical de número, en referencia a varias unidades, pode usarse na linguaxe común co valor de 'con diversas opcións ou'

posibilidades, composto de varios elementos, múltiple' en contextos como "unha sociedade plural".

**Os mecanismos más frecuentes do cambio lingüístico** son a metáfora, a metonimia e a elipse.

- A metáfora consiste no traslado da significación dunha palabra para outra distinta a partir dunha semellanza existente entre elas. Dá lugar a ampliación de significado de palabras como *pata* (dunha mesa), *folia* (de papel), *ollo* (dunha agulla), *rato* (do ordenador), *ás* (dun avión)...

- A metonimia é un traslado de significación por contigüidade que presenta distintos tipos de relacións:

- proximidade: "o *puffo* da camisa".
- continente - contido: "bebeu un *vaso*".
- obxecto - materia que o conforma: "o toureiro colleu o *ferro*".
- parte - todo: "tiña duacentas *cabezas* de gando".
- axente - instrumento: "é un *trompeta* sensacional".
- orixe - produto: "é un *ribeiro* excelente".

- A elipse consiste nun cambio por contigüidade lingüística: unha palabra adopta o significado da palabra á que acompaña, que desaparece ("vive no *quinto*, estuda *segundo*, pediu un *tinto* e un *branco*".)

## 2. Clasificación das palabras segundo a súa orixe. As familias léxicas irregulares

### 2.1. Voces patrimoniais, cultas e semicultas

Desde o punto de vista do seu grao de evolución e do momento no que se introduciron a lingua, podemos encontrar tres tipos de voces: patrimoniais, cultas e semicultas. As patrimoniais son aquellas que tiveron continuidade na lingua desde o latín vulgar e sufriren plenamente os cambios fonéticos que marcaron a evolución do latín ao galego-portugués. As transformacións sufridas po-

los diferentes fonemas e grupos de fonemas latinos non foi azarosa nin individualizada, senón bastante sistemática. En consecuencia, pódense establecer unha serie de parámetros de evolución, que se denominan leis fonéticas. As más importantes son as seguintes:

1.- Redución do sistema vocalico do latín clásico, de dez vogais con oposición de

cantidade vocalica (cinco longas, Á, É, Í, Ó, Ú, fronte a cinco breves Á, É, Í, Ó, Ú) a sete fonemas, con diferenza de abertura, xa experimentada no latín vulgar: a, e, i, o, u.

2.- AU > ou (PAUCUM > pouco)

AE > e (CAELUM > ceo)

OE > e (POENAM > pena)

AL > ou (CALCEM > couce)

3.- Perda de vogais intértonicas: HONORA-RE > honrar

4.- Terminacións -ARIUM, -ARIAM > -eiro, -eira (DIARIAM > xeira)

5.- CL- > ch (CLAVEM > chave)

PL- > ch (PLENUM > cheo)

FL- > ch (FLAMMAM > chama)

6.- Sonorización das oclusivas xordas intervocálicas:

-P- > b (CEPULLAM > cebola)

-T- > d (VITAM > vida)

-C- > g (CAECUM > cego)

7.- Perda de -N- e -L- intervocálicos: LUNAM > lúa, PALUM > pau

8.- Simplificación das consoantes dobradas:

LL > l (GALLINAM > galifa)

NN > n (PANNUM > pano)

TT > t (CATTUM > gato), etc.

9.- CT > t (NOCTEM > noite)

10.- NI seguido de vogal > í (SENIOREM > señor)

LI seguido de vogal > ii (MULIEREM > muller)

11.- G ante e, i > x (GENERUM > xenro, GIBBAM > xiba)

12.- TI seguido de vogal > z (DOLENTIAM > doença)

13.- C'L intervocálico > ll (CUNIC'LUM > coello)

Estas leis fonéticas, coas que se poden deducir os resultados galegos a partir dunhas formas latinas dadas, non actuaron nas palabras cultas (ou cultismos), xa que estas foron tomadas do latín (ou do grego) tardíamente, cando o galego-portugués estaba plenamente constituído como lingua e esas transformacións xa non tiñan vixencia. Por esta razón, por exemplo, *persoa* non leva n (é unha palabra patrimonial que perdeu o -n- intervocálico na transformación do latín ao galego) e *personaxe* sí a leva (é unha palabra culta que entrou tardíamente na lingua). Con todo, as palabras cultas sí presentan unha serie de adaptacións ao galego, que afectan principalmente ás terminacións. Por exemplo, os infinitivos perden o e final, para adaptárense ás terminacións galegas -ar, -er, -ir, ou as palabras procedentes do acusativo latín perden o -m final, para adaptárense ás terminacións galegas vocalicas de masculino e feminino. Algunhas das principais adaptacións dos cultismos son as seguintes:

- Perda do e final dos infinitivos: ALIENARE > allenar

- Terminacións -UM / -AM > -o / -a: PÁRBOLAM > parábola, CAPITULUM > capítulo

- Terminación -EN > -e: ADBOMEN > abdome

- Terminación -ATUM > -ado: DUCATUM > ducado

- Terminación -ATEM > -ade: FACULTATEM > facultade

- Terminación -TIONEM > -ción: MUTACIONEM > mutación

- Terminación -TIUM > -cio: PALATIUM > palacio

- Inicio S+consoante > es + consoante:

## SCENAM > escena

- As consoantes dobles simplificanse: PE-LLICULAM > película
- Grupos GE / GI > xe / xi: GENERUM > xénero.



As palabras cultas normalmente mantienen os grupos consonánticos latinos, que nas patrimoniais tienden a transformarse ou a simplificarse. Así, encontramos, por exemplo, numerosas palabras cos grupos cultos CT (*olfacto, obxecto, conjectura, adxectivo*), BS (*substantivo, substrato, substituto*), BM (*submersión, subministrar, submisión*), PS (*psicólogo, psiquiatra, psicanálise*)... No entanto, a maior parte dos cultismos que proceden dos grupos latinos CC e CT, perden a primeira consoante detrás de i ou u: dicionario, ditado, conducción, produtor...

A medio camiño entre as patrimoniais e as cultas, encóntranse as voces semicultas. Son un grupo menor de palabras que se in-

troduciron desde o latín tardíamente, mais cando ainda estaba activa a transformación fonética cara ao galego-portugués. Presentan unha evolución menor, diferente e menos sistemática que a das palabras patrimoniais. A evolución más significativa das palabras semicultas é a transformación de / en r nos grupos latinos PL, BL, GL, CL e FL. Podes ver no seguinte cadro un número importante de exemplos:

- PR: prazo, aprazar, emprazar, desprazar, praza, pracer, compracer, prata, prato, cumplir, empregar, praia, preamar, pregar, pranto, prancha, sopro, soprar.
- BR: branco, brancura, brando, brandura, brasón, dobre, dobrar, nobre, nobreza, obrigar, obligación, nubrado, sabre.
- GR: regra, arregrar, igrexa, singradura.
- CR: cravo, cravar, descravar, escravo, recruta.
- FR: fraco, fraqueza, frauta, frecha, frete, fretar, frota, frouxo, afrouxar.

## 2.2. As familias léxicas irregulares

A coexistencia de palabras patrimoniais xunto con outras cultas ou semicultas no interior dunha mesma familia léxica é un factor que provoca unha certa confusión nos falantes e conduce con frecuencia a errores lingüísticos. Por exemplo, o feito de que a palabra *persoa* non leve *n* leva a moitos fa-

lantes a empregaren incorrectamente a palabra *persoaxe*, que si o leva, por tratarse dunha forma culta.

Unha familia léxica é o conxunto de palabras que presentan un mesmo lexema etimológico. Nas familias léxicas regulares to-

das as palabras presentan un lexema idéntico: *terra, terrestre, soterrar, aterrarr, terroso...* Pode suceder que, por razóns ortográficas, algunha-das palabras integrantes dunha familia léxica leve unha grafía diferente, sen alterarse o morfema léxico desde o punto de vista da pronuncia. Neste caso, a familia léxica segue considerándose regular (ex. *barco, barquiño, embarcar, barqueiro...*).

Unha familia léxica é considerada irregular cando as palabras que a componen presentan, por razóns de evolución da lingua (presenza de palabras que entraron por vías diferentes), dous ou máis lexemas distintos,

ainda que normalmente moi semellantes. É o caso, por exemplo, da familia de *noite*, onde encontramos os lexemas *noit-*, naque-las palabras que entraron por vía patrimonial e presentan daquela unha evolución fonética do lexema á respecto do étimo latino, e *noct-*, naque-las palabras que entraron por vía culta e non presentan daquela no lexema ningunha evolución fonética: *noite, nocturno, anoicecer, noctámbulo...* Observa o seguinte cadro, no que figurán as familias léxicas irregulares máis empregadas en galego e repara na diferenza entre o lexema patrimonial e o culto, para evitar errores de lingua.

FAMILIAS LÉXICAS IRREGULARES			
Patrimoniais	Cultas	Patrimoniais	Cultas
cor corar	color colorar / colorear colorante colorido incoloro	dor dorado doenza doente doer condoerse	doloroso condolencia
lúa luar aluar aluaxe	lunar lunático	lume alumar / alumear lumeiro	iluminar luminoso iluminación luminotecnia luminosidade
orde desorde contraorde	ordenar ordenador coordinar subordinar	persoa persoal impersoal persoeiro	personaxe personalidade personalización personalizar
sair sainte sobresaínte saída	salientar saliente sobresaliente	segredo	secreto secretamente secretario

só soamente soidade	sol solista solitario	soar resoar consoante soante	disonancia resonancia consonantismo consonancia
táboa taboado	tabular tabulador taboleiro	vir convir provir intervir	conveniente inconveniente proveniente interveniente
vixiar vixiante vixía	vixilancia vixilante	vontade	voluntario voluntarioso voluntariedade
xear xeada xeado	conxelar conxelación conxelado xélico	xerar xeral xeralmente xeración	dexenerar xeneral xeneralizar xeneralidade


### 3. As relacións semánticas

A igual que nas restantes disciplinas lingüísticas, as unidades léxicas dunha lingua organizanse mediante distintos tipos de relacións opositivas entre os significados dos lexemas, ou entre os seus significados e os seus significantes. Neste conxunto de relacións semánticas podemos distinguir diversas modalidades.


#### 3.1. Relacións entre significados

##### 3.1.1. Relacións de oposición (termos contrarios)

a) **Complementariedade.** Os dous termos exclúense mutuamente formando conxuntos binarios. A negación dun deles supón necesariamente a afirmación do outro. Ex.: *posibel-imposibel*, *vivo-morto*, *enfermo-san*.



b) **Antonimia.** Esta relación non se fundamenta na oposición de propiedades absolutas, senón de trazos graduais. Os antónimos forman parte dun conxunto de elementos excluyentes entre si que representan distintos graos ao longo dunha escala. Ao contrario que nos complementarios, afirmar un



deles significa negar o antónimo, pero negar o primeiro non implica necesariamente afirmar o segundo. Ex.: *grande-pequeno*, *quente-frio*, *alto-baixo*.


c) **Reciprocidade.** Os dous elementos refírense a un mesmo concepto ou relación abordándoo desde perspectivas contrapostas. Ex.: *pai-filo*, *pagar-cobrar*, *dar-recibir*.



#### 3.1.2. Relacións xerárquicas ou de inclusión

Son relacións entre significados nas que o significado dun elemento léxico queda incluído no significado do outro.

A relación **hipónimia-hiperónimia** é unha relación de significados que se establece entre un lexema máis específico, o subordinado, e outro máis xenérico. O elemento léxico máis específico é **hipónimo** doutro elemento máis xeral, o **hipérnimo**, cando todos os trazos significativos deste están incluídos naquel. Ex.: *planista-músico*. Un hipérnimo pode ter máis dun hipónimo, pero non á inversa. A relación que se establece entre hipónimos dun mesmo hipérnimo denominase **cohipónimia**. Son cohipónimos, por exemplo, *pianista*, *violinista*, *guitarrista*, *saxofonista*... a respecto do hipérnimo *músico*.



A relación de cohipónimia está intimamente ligada á de campo semántico. Enténdese por campo semántico o conxunto de palabras que comparten un significado común ao tempo que se diferencian entre si por algún trazo de contenido. Cada un dos trazos de contenido que integran o significado dunha palabra denominase *sema*, e o conxunto dos semas, *semema*. Os campos semánticos organizanse a partir da ausencia ou presenza de duns determinados semas nas palabras que os constitúen. De entrada, todos os elementos do campo comparten un mesmo sema xenérico, denominada *arquissema*. Por exemplo, as palabras *bicicleta*, *moto*, *coche*, *camión* e *autobús* componen un mesmo campo semántico por compartir o arquissema *medios de transporte*. Diferéncianse, porén, entre si pola presenza ou ausencia doutros semas. Se escollemos

zas duns determinados semas nas palabras que os constitúen. De entrada, todos os elementos do campo comparten un mesmo sema xenérico, denominada *arquissema*. Por exemplo, as palabras *bicicleta*, *moto*, *coche*, *camión* e *autobús* componen un mesmo campo semántico por compartir o arquissema *medios de transporte*. Diferéncianse, porén, entre si pola presenza ou ausencia doutros semas. Se escollemos

como constitutivos do campo os seguintes semas:

- S1: con motor
- S2: con só dúas rodas
- S3: con só catro rodas

S4: destinado ao transporte de mercadorías.

observamos que cada elemento do campo presenta unha secuencia de semas diferente de todos os demais membros:

	con motor	só 2 rodas	só 4 rodas	transp. mercad.
MEDIOS DE TRANS-PORTE TERRESTRE				
BICICLETA	-	+	-	-
MOTO	+	+	-	-
COCHE	+	-	+	-
CAMIÓN	+	-	-	+
AUTOBÚS	+	-	-	-

### 3.2. Relacións entre significantes e significados

#### 3.2.1. A sinonimia

A sinonimia é a relación lingüística que se produce cando un único significado pode expresarse nunha mesma lingua mediante varios significantes. A enorme complexidade significativa dos lexemas (onde se recollen informacións de diversos tipos: denotativas, connotativas, conceptuais...) dá lugar a que moi poucas palabras poidan ser consideradas total e absolutamente sinónimas. Fálase así, pois, de:

a) **sinónimos totais ou absolutos**: son aqueles cuxo significado é idéntico e, en consecuencia, poden ser trocábeis en calquera contexto. Ex.: *bágoa-lágrima, letal-mortífero, comprar-mercár*.

b) **sinónimos parciais**: son aqueles que presentan o mesmo significado únicamente en determinados contextos. Ex.: *terminar-rematar, mandar-enviar, vello-ancián*.

#### 3.2.2. A polisemia e a homonimia

Estes dous fenómenos semánticos pertenecen ao mesmo tipo de relacións: varios significados relacionados a un só significante. Ambos están ligados á evolución histórica das linguas, pero explícanse mediante procesos diferentes.

a) A **polisemia** prodúcese cando unha palabra presenta varios significados diferentes, debido a que foi adquirindo ao longo da historia esos novos significados a partir do significado primitivo, por ampliación ou restricción. Normalmente descóbrese a relación semántica existente entre eses significados. Ex.: *ollo* ('órgano da vista', 'burato ou cavidade redonda en forma de olla', 'burato da agulla por onde entra o filo', 'espazo aberto no arco das pontes'...). A polisemia debe entenderse, por tanto, como o significado múltiple dunha única palabra.



ningún tipo de relación de proximidad ou de parentesco de significado. Ex.: *renda*<sup>1</sup> (lat. *renditam* 'cantidad que paga un arrendatario') e *renda*<sup>2</sup> (lat. *retinam* 'cada una das correas que serven para conducir os cabalos'). Ademais da confluencia fonética, que orixina a maior parte das homonimias, este fenómeno pode producirse pola introdución na lingua dun estraneirismo que se adapte coa mesma forma dunha palabra xa existente con anterioridade. É o caso de *zoco*<sup>2</sup>, palabra de orixe árabe ('mercado') que se adapta a partir de *suq* cunha forma coincidente con outra palabra xa existente, *zoco*<sup>1</sup> ('calzado de coiro con piso de madeira').

Pódense distinguir dous tipos de homonimia:

- **Homonimia absoluta**. Os significantes manifestan unha identidade formal absoluta; son por tanto homógrafos. Ex.: *lazo*<sup>1</sup> (lat. *laqueum* 'nó que se desata facilmente') e *lazo*<sup>2</sup> (lat. *glacies* 'tona de xeo que se forma na superficie dun líquido a causa da baixa temperatura').



b) A **homonimia**, no entanto, orixínase pola coincidencia no resultado final da evolución fonética de varias palabras diferentes cuxos significados son diferentes e non presentan

- Homonímia parcial. Os signficantes non manifestan unha unidade formal absoluta; non son homógrafos, senón simplemente homófonos. Ex... *vasto* (lat. *vastum* 'moi extenso') e *basto* (de *bastar* 'denso, espeso, mesto').

Ao lado das relacóns semánticas encontramos o fenómeno da paronímia. Consiste na proximidade de signficantes entre dúas palabras que nada teñen que ver entre si. O

seu parecido fonético produce ás veces confusións nos falantes e un emprego erróneo destas formas. Algunxs exemplos de paronímia son: *actitude* ('disposición de ánimo') - *aptitude* ('capacidade'), *sono* ('gana de dormir') - *soño* ('representacións tídas durante o sono'), *libido* ('busca instintiva do pracer sexual') - *livido* ('morado, violáceo' ou 'pálido, branco'), *salobre* ('que contén sal') - *salubre* ('que presenta boas condicións hixiénicas')...

RELACÓNSENTRAS SIGNIFICADOS	INCOMPATÍBEIS (TERMOS CONTRARIOS)	<b>COMPLEMENTARIOS</b> ( <i>Posibel</i> - <i>Imposibel</i> )
		<b>ANTÓNIMOS</b> ( <i>frio</i> - <i>quente</i> )
		<b>RECÍPROCOS</b> ( <i>pai</i> - <i>fillo</i> )
		<b>HIPERÓNIMOS</b> ( <i>músico</i> a respecto de <i>pianista</i> )
RELACÓNSENTRAS SIGNIFICADOS E SIGNIFICANTES	INCLUSIÓN OU XERÁRQUICAS	<b>HIPÓNIMOS</b> ( <i>pianista</i> a respecto de <i>músico</i> )
		<b>COHIPÓNIMOS</b> ( <i>pianista</i> - <i>violinista</i> - <i>fraudista...</i> )
	<b>SINONIMIA</b>	<b>ABSOLUTA</b> ( <i>mercar</i> - <i>comprar</i> )
		<b>PARCIAL</b> ( <i>acabar</i> - <i>rematar</i> )
	<b>POLISEMIA</b>	( <i>ollo</i> )
	<b>HOMONIMIA</b>	<b>ABSOLUTA: homógrafos</b> ( <i>renda</i> <sup>1</sup> - <i>renda</i> <sup>2</sup> )
		<b>PARCIAL: homófonos</b> ( <i>Vasto</i> - <i>basto</i> )